



Escolma poética

Diego Bará Louro

e non te derrubas
 se o mundo pinta
 unha espiral da inexactitude. porque bebes diso.
 tola. sucia. inútil.
 porque estorbas. -un obxecto ciscado no chan
 e choves intrínseca ao mar de fondo.
 tola e sucia. inútil porque prendes escuro cando non existe
 a luz da que falan as bruxas.
 as bruxas que contra a historia
 profiren amor á humanidade.
esqueces que elas te criaron. e non es tan tola – nin sucia – nin inútil.

Para algunhas veces:
 en que todo vai na contra
 en que ti non es a mesma
 en que ninguén fala contigo
 en que resistes ao vilipendio
 en que proe non estar nin facer o que se agarda

Entón alí. Prometer alí
 Lealdade á poesía que fala dos adentros.

*#Imprimirse na violencia
de amar
os sitios pequenos
(no íntimo) e falar das cousas que doen.*

De derrubarse unha noite
/pedir a pizza dos venres
coa resaca dun xoves universitario
que remata nun piso que non é o teu/
ou xogar **a que a vida é** o resto
que deixas sen comer
e as palabras que non dis
porque a decencia che impide moitas cousas.

das neboeiras mentais que che resisten no corpo
e de todo iso que non é teu pero a xente pensa que si.
que ás veces é coma ese pensamento gris escuro
que te persegue
e non podes facer nada máis ca un intento
de evasión cunha bolsa de patacas fritidas do supermercado.

e pensas no idiota que é o mundo. ou no besta
que son algunhas proclamas
e que livián é a nosa canción protesta

a columna
{ a columna na que te apoias mentres
fumas)
{ **quedas co teu primeiro amor**
nesa columna)
{ pintas a revolución no capitel desa
columna)

{ a columna onde falamos
de matar a Hitler) { a columna onde escribimos
“somos unha xeración ignorada”)

{ e a columna de bicarnos cando chove) { a columna onde nos re-
fuxiar do mal que escribe a xente nos correos coma se non fosen unha
vía de comunicación digna dos acentos e das comas
e dos puntos)

{ aínda que só era unha columna)

escoitar a túa voz era un refuxio nesa columna.